SIGNIFICATION ACTUELLE: médicament qui diminue ou fait disparaître la douleur.

ORIGINE: vient du grec *ἀν-* “sans” et *ἄλγος* “douleur”.

“DELETE”

GALEGO: “delete”.

SIGNIFICADO ACTUAL: tecla do ordenador que se utiliza para borrar ou suprimir.

ORIXE: provén do termo latino *deleo* “borrar”.

ENGLISH WORD: “delete”.

CURRENT MEANING: the computer key used to erase or suppress.

ORIGIN: it comes to us from the Latin verb *deleo* “erase”.



Delete

FRANÇAIS: “delete”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: touche du clavier employé pour effacer ou supprimer.

ORIGINE: vient du terme latin *deleo* “effacer”.

“BIT”

GALEGO: “bit”.

SIGNIFICADO ACTUAL: termo informático que define a unidade mínima de información dixital.

ORIXE: a expresión completa é *binary digit*, e aquí encontramos a referencia ao termo latino *digitus* “dedo”. Un bit é pois un dígito do sistema de numeración binario e pode representar só o valor 0 ou o valor 1.

ENGLISH WORD: “bit”.

CURRENT MEANING: it’s a computer term used to define the basic unit of digital information.

ORIGIN: the complete expression is *binary digit*, and here we find a reference to Latin term *digitus* “finger”. Therefore a bit is a digit of the binary numbering system and it can represent only the value 0 or the value 1.



Memoria dun ordenador dos 80 onde se poden ver os bits físicos.

FRANÇAIS: “bit”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: terme informatique qui définit la quantité élémentaire d'information numérique.

ORIGINE: l’expression complète est *binary digit*, on trouve ici la référence au terme latin *digitus* “doigt”. Un bit est donc un chiffre du système binaire qui peut seulement représenter les valeurs 0 ou 1.

“RIVAL”

GALEGO: “rival”.

SIGNIFICADO ACTUAL: na vida ou nunha competición un rival é aquel con quen tes que competir.

ORIXE: fai alusión ao latín *rivus* “río”. Antigamente, nas guerras e trifulcas que mantiñan uns pobos cos outros, os que estaban á outra beira do río eran os *rivales*, os enemigos a vencer.

ENGLISH WORD: “rival”.

CURRENT MEANING: a person who is competing for the same object or goal as another.

ORIGIN: it alludes to Latin *rivus* “river”. In the past, in the wars and brawls that kept people with others, who were on the opposite bank of the river were *rivals*, the enemies to defeat.

FRANÇAIS: “rival”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: dans la vie, ou lors d’une compétition, un rival est notre concurrent.

ORIGINE: fait référence au latin *rivus* “rivière”. Anciennement, dans les guerres et les luttes que maintenaient les peuples entre eux, ceux qui étaient de l’autre côté de la rivière étaient les rivaux, les ennemis qui devaient être vaincus.

“TRIVIAL”

GALEGO: “trivial”.

SIGNIFICADO ACTUAL: algo trivial é aquilo que non é importante, que carece de interese e de orixinalidade.

ORIXE: etimoloxicamente remítese ao adxectivo latino *trivialis*, que á súa vez remite a *trivium* “encrucillada, cruce de tres camiños”. O adxectivo significaba en latín “groseiro”, “vulgar” e pode facer referencia ás conversacións frívolas que se mantiñan con descoñecidos nas encrucilladas dos camiños. Tamén se chamaban *artes triviais* as disciplinas liberais encadradas no *trivium*, é dicir, a Gramática, a Lóxica e a Retórica,

que eran consideradas menos importantes que as do *quadrivium*, Aritmética, Música, Astronomía e Xeometría.

ENGLISH WORD: “trivial”.

CURRENT MEANING: something trivial is what has no importance, what lacks interest and originality.



Encrucillada en inverno. Cracovia.

ORIGIN: etymologically it refers to Latin adjective *trivialis*, that in turn send us to *trivium* “crossroads, crossing”. The adjective meant in Latin “rude”, “vulgar” and can make reference to frivolous conversations held by unknown people in the crossroads. We can also call *trivial arts* to liberal disciplines framed in *trivium*, that is, the Grammar, the Logic and the Rhetoric, which were regarded less important than the of the *quadrivium*, Arithmetic, Music, Astronomy and Geometry.

FRANÇAIS: “trivial”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on dit que quelque chose est triviale quand elle n’a pas d’importance, elle n’a aucun intérêt ou originalité.

ORIGINE: étymologiquement, le mot vient de l’adjectif latin *trivialis*, qui pour sa part nous ramène a *trivium* “carrefour, croisement de chemins”. L’adjectif signifie en latin “grossier, vulgaire” et peut faire référence aux conversations maintenues avec des inconnus dans les croisements de chemins. On appelait aussi *artes triviales* aux

disciplines liberaux encadrées dans le *trivium*, c'est à dire, la Grammaire la Logique et la Rhétorique, qui étaient considérées moins importantes que celles du *quadrivium* Arithmétique, Musique, Astronomie et Géométrie.

“SALARIO”

GALEGO: “salario”.

SIGNIFICADO ACTUAL: soldo que alguén recibe periodicamente en compensación por un traballo.

ORIXE: deriva do substantivo latino *sal* e fai referencia ao feito de que antigamente os soldados romanos recibían un diñeiro para que mercaran sal, ou directamente a súa soldada en sal. Hai que ter en conta que daquela o sal era moi importante sobre todo para facer salazóns que mantiveran en condicións a comida.



Anotación dos salarios diarios selados por un alto funcionario. Ur, Mesopotamia.

ENGLISH WORD: “salary”.

CURRENT MEANING: wage periodically paid to a person for regular work or services.

ORIGIN: it comes from the Latin noun *sal* and refers to the fact that in the past the Roman soldiers received money to buy salt, or directly received their wage in salt. We must take into account that the salt was very important mainly to make saltings that kept the food in good conditions.

FRANÇAIS: “salaire”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: traitement qu’on perçoit périodiquement en compensation d’un travail.

ORIGINE: vient du latin *sal* et fait référence au fait qu’anciennement les soldats romains recevaient de l’argent pour pouvoir acheter du sel, ou ils étaient directement payés en forme de sel. Il faut prendre en considération qu’à cette époque le sel était très important sur tout pour faire des salaisons pour bien conserver les aliments.

“IDIOTA”

GALEGO: “idiota”.

SIGNIFICADO ACTUAL: consideramos idiota a aquela persoa que non ten moita intelixencia, que non sabe aproveitar as circunstancias e quen se deixa enganar facilmente. Pode ser sinónimo de “bobo” ou “necio”.

ORIXE: hoxe en día a voz *idiota* non garda relación co significado da palabra da que deriva etimoloxicamente. Remítenos ao adxectivo grego *ιδιώτης*, formado sobre *ἴδιος* “o privado”, “persoal”, “propio”, significado que conservamos nas palabras *idiosincrasia* e *idioma*. A razón pola que *idiota* tomou un sentido pexorativo pode ser que na antigüidade grecolatina estaba moi mal vista aquela persoa que só se ocupa ba das súas cousas sen atender á vida pública e política.

ENGLISH WORD: “idiotic”, “idiot”.

CURRENT MEANING: person without intelligence, who can not take advantage of the circumstances and who is fooled easily. It can be synonym of “dumb” and “stupid”.

ORIGIN: the current meaning of this word isn’t related to the etymological meaning. It leads us to the Greek adjective *ιδιώτης*, formed on *ἴδιος* “private”, “personal”, “own”, this meaning is preserved in the words *idiosyncrasy* and *idiom*. The reason why *idiot* took this pejorative sense could be that in Greco-Roman antiquity was poorly considered the person who was devoted to serve their things without concerning of public or political issues.

FRANÇAIS: “idiot”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on considère un idiot une personne peu intelligente, qui ne sait pas profiter les circonstances et à qui on peut tromper facilement. Peut être synonyme de “sot”.

ORIGINE: le mot est sans rapport avec l’étymologie du laquelle il provient. Il nous renvoie à l’adjectif grec *ιδιώτης*, formé par *ἴδιος* “privé”, “personnel”, “propre”, signification qu’on conserve dans les mots *idiosyncrasie* et *idiome*. La raison pour laquelle *idiota* prends un sens péjoratif peut être due à que dans l’antiquité greco-romaine il était mal vu que quelqu’un s’occupait seulement de ses affaires, sans prêter attention à la vie publique et politique.

“CARNAVAL”

GALEGO: “carnaval”.

SIGNIFICADO ACTUAL: festa popular pagana que se celebra os tres días anteriores á Coresma e na que son típicos os disfraces, as comparsas, as chanzas e algunhas ricas degustacións gastronómicas.

ORIXE: a orixe desta festa ten que ver coas antigas celebracións orxiásticas en honor a Baco e Saturno (*Bacanis* e *Saturnais*). Limitándonos á palabra *carnaval*, hai varias explicacións etimolóxicas. A máis aceptada é a que remite á voz italiana *carnevale* que, á súa vez, deriva da expresión latina *carnem levare* “quitar a carne”, xa que os católicos comezan despois do carnaval a Coresma, corenta días con abstinencia de carne. Esta explicación ven respaldada polo sinónimo *Carnestolendas*, tamén do latín *carnem tollere* “abandonar a carne”. Outra etimoloxía remóntase á *Carna*, a deusa grega das fabas e o touciño. E aínda hai quen se remonta máis lonxe, ao deus Karna, divindade indoeuropea.

ENGLISH WORD: “carnival”.

CURRENT MEANING: popular pagan festival held the three days preceding Lent, with typical costumes, comparsas, jokings and some delicious gastronomical tastings .

ORIGIN: the origin of this party has to do with ancient orgiastic celebrations in honor of Bacchus and Saturn (*Bacchanalia* and *Saturnalia*). Focusing on the word *carnival*, there are diverse etymological explanations. The most accepted is that which refers to the Italian noun *carnevale* which, in turn, derives from the Latin expression *carnem levare* “remove the flesh”, because the Catholics began the Lent after the carnival, forty days without meat. This explanation is supported by the synonym *Carnestolendas* also from Latin *carnem tollere* “leave the meat”. Another etymology leads us to *Carna*, the goddess of the beans and bacon. And some people even go further back, to the god Karna, indoeuropean divinity.



Cigarróns típicos do Entroido de Verín.

FRANÇAIS: “carnaval”

SIGNIFICATION ACTUELLE: fête populaire païenne qui a lieu les trois jours avant Carême, et où sont typiques les déguisements, comparses, blagues et quelques délicieuses dégustations gastronomiques.

ORIGINE: l’origine de cette fête concerne les anciennes célébrations orgiastiques à l’honneur de Bacchus et Saturne (*Bacchanales* et *Saturnales*). Si on se limite au mot *carnaval*, il y a plusieurs explications étymologiques. La plus acceptée est celle qui nous renvoie à la voie italienne *carnevale*, qui, à sa foi, dérive de l’expression latine *carnem levare* “enlever la viande”, puisque les catholiques commencent après le carnaval la Carême, quarante jours d’abstinence de viande. Cette explication est validée par le

synonyme *Carnestolendas*, aussi du latin *carne[m] tollere* “abandonner la viande”. Autre étymologie nous remonte à *Carna*, la déesse grecque des fèves et du lard. Et on trouve encore qui se remonte plus loin, au dieu *Karna* divinité indo européenne.

LATINISMOS E HELENISMOS PRESENTES NAS LINGUAS ACTUAIS

“AD KALENDAS GRAECAS”

GALEGO: “ad kalendas graecas”.

SIGNIFICADO ACTUAL: utilízase para expresar que algo non vai ter nunca lugar, que non vai suceder xamais. Un equivalente galego sería “cando mexen as galiñas”.

ORIXE: esta expresión aparece na biografía de Augusto escrita por Suetonio. O que quería dicir Augusto era que os malos debedores non pagaban nunca as súas débedas, porque o día das *kalendas* en Grecia non chegaba nunca. Sabido é que os gregos non dispuñan do mesmo procedemento que os romanos para computar o tempo, é dicir, que non tiñan o termo *kalendas* para indicar o primeiro día do mes, como os romanos.

ENGLISH WORD: “ad kalendas graecas”.

CURRENT MEANING: at no time, never, something that will never happen.

ORIGIN: this idiom appears in the August biography written by Suetonius. What wanted to say August was that the bad debtors didn't pay never their debts, because the Greeks did not reckon dates by calends. The Greeks didn't use the same method to reckon the dates, that is, they didn't have *kalendas* to point out the first day of the month, like the Romans.

FRANÇAIS: “ad kalendas graecas”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on l'utilise pour exprimer que quelque chose n'aura lieu jamais.

ORIGINE: cette expression apparaît dans la biographie d'Auguste écrite par Suétone. Ce que Auguste voulait dire était que les mauvais débiteurs ne payaient jamais leurs dettes, parce que le jour des *kalendas* n'arrivait jamais en Grèce. Il est connu que les

grecs ne disposaient pas de la même procédure que les romains pour compter le temps, c'est à dire, ils n'avaient pas le terme *kalendas* pour indiquer le premier jour du mois, comme les romains.

“INTELLIGENTIBVS PAVCA”

GALEGO: “intelligentibus pauca”.

SIGNIFICADO ACTUAL: á persoa intelixente non hai que explicarlle moito as cousas. Unha expresión similar en galego sería “a bo entendedor poucas palabras bastan”. Úsase cando non se quere ser moi explícito nunha cuestión e se fala con medias palabras.

ORIXE: dativo plural do adxectivo *intelligens, -ntis* “intelixente” máis o neutro plural substantivado do adxectivo *paucus, -a, -um* “pouco”.

ENGLISH WORD: “intelligenti pauca”.

CURRENT MEANING: it means that we don't have to explain many things to intelligent person. A similar expression is “few words suffice to he who understands”. It's used when you don't want to be very explicit in an issue and half-words are used.

ORIGIN: it comes from the Latin adjective singular dative *intelligens, -ntis* “intelligent” more neutral plural nominalized adjective *paucus, -a, -um* “few”.

FRANÇAIS: “intelligentibus pauca”

SIGNIFICATION ACTUELLE: on n'a pas besoin de trop expliquer les choses à une personne intelligente. On l'emploi quand on ne veut pas être trop explicite sur une question, et on parle en mâchant les mots.

ORIGINE: datif pluriel de l'adjectif *intelligens, ntis* “intelligent” plus le neutre pluriel substantivé de l'adjectif *paucus, a, um* “poco”.

“RARA AVIS”

GALEGO: “rara avis”.

SIGNIFICADO ACTUAL: úsase para designar a alguén que se sae do normal no seu quefacer ou no seu xeito de pensar. Adoita dicirse de persoas ou cousas difíciles de atopar.

ORIXE: abreviación de *rara avis in terra* “ave extraña na terra”. Trátase do inicio dun verso de Xuvenal, no que se compara unha muller fiel cun cisne negro, ave moi difícil de atopar.

ENGLISH WORD: “rara avis”.

CURRENT MEANING: it’s used to describe someone who is out of the ordinary in their work or in their thinking. It gets used to say of someone or something hard to find.

ORIGIN: abbreviation of *rara avis in terra* “strange bird on earth”. This is the start of a verse of Juvenal, in which a faithful woman is compared to a black swan, a bird hard to find.

FRANÇAIS: “rara avis”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on l’utilise pour désigner quelqu’un hors du commun dans sa manière de penser ou dans son travail quotidien. On le dit quand on parle de personnes ou choses difficiles de trouver.

ORIGINE: abréviation de *rara avis in terra* “rare oiseau sur terre”. Il s’agit du début d’un verse de Juvénal, où on compare une femme fidèle avec un cygne noir, oiseau très difficile à trouver.

“RIP”

GALEGO: “RIP”.

SIGNIFICADO ACTUAL: aparece en inscricións funerarias co significado de “descanse en paz”.

ORIXE: acrónimo da expresión latina *Requiescat In Pace*.



RIP sobre unha tomba alemá.

ENGLISH WORD: “RIP”.

CURRENT MEANING: it appears in funerary inscriptions with the meaning of “rest in peace”.

ORIGIN: acronym of the Latin expression *Requiescat In Pace*.

FRANÇAIS: “RIP”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: apparait dans les inscriptions funéraires avec la signification “repose en paix”.

ORIGINE: acronyme de l’expression latine *Requiescat In Pace*.

“STTL”

GALEGO: “STTL”.

SIGNIFICADO ACTUAL: aparece en inscricións funerarias co significado de “que a terra sexa para ti lixeira”.

ORIXE: abreviatura do latín *Sit Tibi Terra Levis*.

ENGLISH WORD: “STTL”.

CURRENT MEANING: it appears in funerary inscriptions with the meaning of “may the earth rest lightly on you”.

ORIGIN: abbreviation from Latin *Sit Tibi Terra Levis*.

FRANÇAIS: “STTL”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: apparait dans les inscriptions funéraires avec la signification “que la terre te soit légère”.

ORIGINE: abréviation du latin *Sit Tibi Terra Levis*.

“SPQR”

GALEGO: “SPQR”.

SIGNIFICADO ACTUAL: emblema do pobo romano que significa “o pobo e o senado romanos”.

ORIXE: son as siglas da frase latina *Senatus PopulusQueRomanus*. Trátase da firma que figura nos documentos, nos edificios oficiais, monumentos etc. Aparece como emblema nas moedas, nos estandartes das lexións, obras públicas etc, indicando a unión entre os dous poderes da Roma republicana, o senado e o pobo, dos que emanaban as leis. Aínda hoxe seguen poñéndose na rede de sumidoiros de Roma.



Sumidoiro de Roma co emblema SPQR.

ENGLISH WORD: “SPQR”.

CURRENT MEANING: emblem of the Roman people that means “Roman people and senate”.

ORIGIN: they are the initials of the Latin phrase *Senatus PopulusQueRomanus*. It is the signature on the documents, official buildings, monuments etc. It’s considered an emblem on the coins, on banners of the legions, on public works etc, indicating the

union of the two powers of the Roman Republic, the senate and the people, from which the laws emanated. Even today this emblem is putting in the sewers of Rome.

FRANÇAIS: “SPQR”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: emblème du peuple romain qui signifie “le sénat et le peuple romain”.

ORIGINE: ce sont les acronymes de la phrase latine *Senatus PopulusQueRomanus*. Il s’agit de la signature qu’apparaît dans les documents, bâtiments publics, monuments, etc. Il apparaît comme un emblème dans les monnaies, les étendards des légions, travaux publics, etc., indiquant l’union entre les deux pouvoirs de la Rome républicaine, le sénat et le peuple, d’où émanaient les lois. Aujourd’hui même on continue à l’utiliser dans le réseau d’égouts de Rome.

“TABULA RASA”

GALEGO: “tabula rasa”.

SIGNIFICADO ACTUAL: facer *tabula rasa* significa deixar as cousas como estaban antes. En galego equivale á expresión “facer borrón e conta nova”.

ORIXE: os romanos utilizaban para escribir taboíñas recubertas de cera e un punzón. Coa parte de atrás do punzón podían rasar a taboíña de modo que se puidera escribir de novo sen deixar marcas do anterior.



Sibila con tabula rasa. Diego Velázquez.

ENGLISH WORD: “tabula rasa”.

CURRENT MEANING: making *tabula rasa* is to leave things as they were before.

ORIGIN: the Romans used to write tablets covered with wax and a punch. With the back of the punch they could level the tablet so that they could write again without leaving marks from the previous.

FRANÇAIS: “*tabula rasa*”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: faire *tabula rasa* c’est laisser les choses tel qu’elles étaient.

ORIGINE: pour écrire, les romains utilisaient des tablettes encirées et un poinçon. Avec la partie postérieure du poinçon ils pouvaient raser la tablette de façon qu’on puisse écrire à nouveau sans laisser des marques anciennes.

“**VERBI GRATIA**”

GALEGO: “*verbi gratia*”.

SIGNIFICADO ACTUAL: locución latina que se usa como expresión culta co significado de “exemplo”, “por exemplo”. Pode abreviarse *v.gr.* ou *v.g.*

ORIXE: dende o punto de vista morfolóxico temos unha palabra formada polo xenitivo de *verbum* “palabra” máis o ablativo *gratia* “pola graza de”.

ENGLISH WORD: “*verbi gratia*”.

CURRENT MEANING: it’s a Latin locution used as a cultured expression with the meaning of “example”, “for example”. It can be abbreviated *v. gr.* or *v. g.*

ORIGIN: from a morphological point of view we have a word formed by the genitive of *verbum* “word” and the ablative *gratia* “by the grace of”.

FRANÇAIS: “*verbi gratia*”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: locution latine utilisée comme expression culte avec la signification de “exemple”, “par exemple”. Peut être abrégé comme *v.gr.* ou *v.g.*

ORIGINE: du point de vue morphologique, c’est un mot formé par le génitif de *verbum* “mot” plus *gratia* “à la façon de”.

“HORROR VACVI”

GALEGO: “horror vacui”.

SIGNIFICADO ACTUAL: literalmente significa “medo ao baleiro”. Emprégase no campo da arte para referirse á tendencia a encher todos os espazos de elementos decorativos.

ORIXE: a idea vén de Aristóteles, quen no libro IV da súa *Física* achega argumentos contra o baleiro. A súa argumentación ía dirixida contra os atomistas, discípulos de Demócrito, que postulaban que a natureza estaba formada por átomos e baleiro. A teoría contra o baleiro dos atomistas foi defendida polos estoicos e chegou ata a Idade Media. A filosofía escolástica medieval cría que a natureza ten horror ao espazo baleiro e sempre intenta enchelo de contido. Por iso os espazos baleiros énchense de gases e líquidos. A opinión de que a natureza aborrece o baleiro foi discutida no século XVII, sendo Pascal un dos maiores críticos desta teoría.



A caída de Babilonia. Jean Duvet, circa 1555.

ENGLISH WORD: “horror vacui”.

CURRENT MEANING: it has the meaning of “fear of the vacuum”. It’s used in the field of the arts to refer to the tendency to fill all the spaces of decorative elements.

ORIGIN: the idea comes from Aristotle, who in the book IV of *Physics* approaches arguments against vacuum. His argument was directed against the atomists, disciples of Democritus, proponents of that nature was made of atoms and vacuum. Against the

vacuum of the atomists theory was defended by the Stoics and came up to the Middle Ages. The medieval scholastic philosophy believed that nature abhors a vacuum space and always try to fill it with content. So the gaps are filled with gases and liquids. The view that nature abhors vacuum was discussed in the 17TH century, Pascal being one of the biggest critics of this theory.

FRANÇAIS: “horror vacui”.

SIGNIFICACION ACTUELLE: littéralement signifie “peur au vide”. On l’utilise dans le domaine de l’art pour faire référence à la tendance à remplir tous les espaces des éléments décoratifs.

ORIGINE: l’idée vient d’Aristote, qui dans le livre V de sa *Physique* apporte des arguments contre le vide. Son argumentation était dirigée contre les atomistes, disciples de Démocrite, qui postulait que la nature était formée par des atomes et du vide. La théorie contre le vide des atomistes fut défendue par les stoïques et arriva jusqu’au Moyen Age. La philosophie scolastique médiévale croyait que la nature avait peur des espaces vides, et essaye toujours de le remplir de contenu. C’est pour ça que les espaces vides se remplissent de gaz ou de liquides. L’opinion sur la peur de la nature envers le vide fut discutée dans le XVIIème siècle, étant Pascal un des plus grands critiques de cette théorie.

“ÉUREKA”

GALEGO: “éureka”.

SIGNIFICADO ACTUAL: expresión habitual que se utiliza cando alguén consegue o seu obxectivo ou fai un descubrimento importante.

ORIXE: trátase dun termo grego incorporado á nosa lingua. Morfoloxicamente é a primeira persoa do singular do perfecto do verbo *εὕρισκω* “atopar”. A historia cóntanos que o tirano Hierón de Siracusa encargou ao matemático Arquimedes que comprobara se unha coroa que recibira como agasallo era en realidade de ouro, xa que sospeitaba que o estaban enganando. Arquimedes dáballe voltas e voltas ao asunto e non sabía como facer para descubri-lo, ata que un día, estando na bañeira, percatouse

de que o volume de auga desprazada era igual ao peso do corpo sumerxido nela (famoso principio de Arquimedes). Cheo de xúbilo porque encontrara a maneira de demostrar se a coroa era de ouro ou non, saíu espido polas rúas de Siracusa exclamando con xúbilo: *éureka, éureka* "atopeino, atopeino".

ENGLISH WORD: "eureka".

CURRENT MEANING: regular expression that is used when someone achieves its objective or makes an important discovery.

ORIGIN: it is a Greek term incorporated into our language. Morphologically is the first singular person of the perfect of the verb εὕρισκω "find". The history tells that the tyrant Hieron of Syracuse asked the mathematician Archimedes to check if a crown received as a gift was actually gold, because he suspected that they were cheating him. Archimedes turned the matter and didn't know how to do to find out, until one day, while was in the bathtub, he realized that the volume of water displaced was equal to the weight of the body submerged in it (famous Archimedes principle). Overjoyed because he had found a way to show whether the crown was gold or not, went naked through the streets of Syracuse exclaiming jubilantly: *eureka, eureka* "I found it, I have found it".



Arquimedes estuda a xeometría nun detalle do fresco *A escola de Atenas*. Rafael Sanzio. 1509. Museos Vaticanos.

FRANÇAIS: "eureka".

SIGNIFICACION ACTUELLE: expression habituelle utilisée quand quelqu'un réussit son objectif ou fait une importante découverte.

ORIGINE: il s'agit d'un terme grec qui s'incorpore à notre langue. Morphologiquement c'est la première personne singulier du parfait du verbe *εὕρισκω* "trouver". L'histoire nous raconte que le tyran Hiéron de Syracuse demanda au mathématicien Archimède de vérifier si une couronne qu'il avait reçu comme cadeau était vraiment en or, car il supçonnait qu'on le trompait. Archimède réfléchissait sur la question, et ne savait pas comment la résoudre, jusqu'à ce qu'un jour, étant dans la baignoire, il se rendit compte que le volume d'eau déplacé était égal au poids du corp submergé (célèbre principe d'Archimède). Plein de joie, parce qu'il avait trouvé la façon de prouver si la couronne était en or, il sortit dans les rues de Syracuse en s'exclamant avec joie: *eureka, eureka* "je l'ai trouvée, je l'ai trouvée".

"PANTOCRÁTOR"

GALEGO: "pantocrátor".

SIGNIFICADO ACTUAL: adxectivo que significa "todopoderoso", "omnipotente", normalmente calificando a Deus e a Cristo. Nas artes bizantina e románica désígnase con este termo a imaxe coa que se representa o Todopoderoso. Nesta imaxe aparecen o Creador ou o Redentor en posición maiestática, coa man dereita levantada impartindo a súa bendición e cos *Libros Sagrados* na man esquerda. Podemos atopar o pantocrátor sobre todo nas igrexas, tanto fóra, esculpidos en pedra, como dentro do recinto, pintado nas bóvedas das ábsidas. Case sempre aparecen rodeados por un cerco oval chamado *mandorla*.

ORIXE: etimoloxicamente temos una palabra grega formada polo prefixo *παντός* "todo" e por un derivado de *κράτος* "poder", que procede do verbo *κρατέω* "ter forza ou poder". O termo aparece no *Libro das Revelacións* de San Xoán e nunha ocorrencia do evanxeo de San Pablo.

ENGLISH WORD: "Christ pantocrator".

CURRENT MEANING: adjective which means "almighty", "omnipotent", usually describing God and Christ. In Byzantine and Romanesque art with this term is designated the image that represents the Almighty. In this image are the Creator and the Redeemer in majestic position, with his right hand raised giving his blessing and the *Sacred Books* in the left hand. We can find the Pantocrator especially in the churches, both outside, carved in stone, and within the enclosure, painted on the vaults of the apse. Almost always are surrounded by a oval fence called *mandorla*.

ORIGIN: etymologically we have a Greek word formed by the prefix παντός "all" and a derivative of κράτος "power", which comes from the verb κρατέω "have strength or power". The term appears in the *Book of Revelation* of St. John and an occurrence of the Gospel of St. Paul.



Cristo Pantocrátor mosaico de estilo bizantino da Catedral de Cefalú, Sicilia.

FRANÇAIS: "pantocrator".

SIGNIFICATION ACTUELLE: adjectif qui signifie "tout-puissant", "omnipotent", normalement qualifiant à Dieu et au Christ. Dans les arts byzantin et romain on désignait avec ce terme l'image qui représentait le Tout-Puissant. En cette image apparaissent le Créateur ou le Rédempteur en position majestueuse, avec la main droite levée en donnant sa bénédiction et avec les *Livres Sacrés* dans la main gauche. On trouve le pantocrator sur tout dans les églises, dehors sculpté sur pierre, ou à

l'intérieur, peint dans les voûtes de l'abside. Ils apparaissent sur tout entourés par un cercle oval appelé *mandorla*.

ORIGINE: étymologiquement on trouve un mot grec formé par le prefix παντός "tout" et par κράτος, une dérivation du verbe κρατέω "faire quelque chose". Le terme apparait dans le *Livre des Révélation*s de Saint Jean et dans une occurrence de l'*Évangile* de Saint Paul.

"MATAIOTES MATAIOTETOS KAI PANTA MATAIOTES"

GALEGO: "mataiotes mataiotetos kai panta mataiotes".

SIGNIFICADO ACTUAL: fai referencia a un comportamento vaidoso. Equivale á frase "vaidade de vaidades e todo vaidade". Moitas veces damos importancia a cousas sobre todo materiais que, en realidade, non a teñen, deixando de lado outras que nos proporcionarían máis felicidade. Non acatamos que somos mortais e queremos ás veces superar a Deus.

ORIXE: o texto grego aparece no libro bíblico *Eclesiastés*. O termo *ματαιότης* significa "vaidade", "vacuidade", "ilusión", "fraxilidade".



Maserati Gran Cabrio Sport. Feira do motor de Frankfurt.

ENGLISH WORD: "mataiotes mataiotetos kai panta mataiotes".

CURRENT MEANING: it refers to a vain behaviour. It's equivalent to the phrase "vanity of vanities, all is vanity". Many times we give importance to material things that, actually, do not, leaving aside others which would provide us more happiness. We don't realize that we are mortal and want sometimes to overcome God.

ORIGIN: the Greek text appears in the biblical book *Ecclesiastes*. The term ματαιότης means "vanity", "vacuity", "illusion", "fragility".

FRANÇAIS: "mataiototes mataiotetos kai panta mataiototes".

SIGNIFICATION ACTUELLE: fait référence à un comportement vaniteux. Relationné avec la phrase "vanité des vanités et tout est vanité". Souvent on donne trop d'importance à des choses matérielles, qui en réalité ne l'ont pas, laissant de côté autres qui feraient notre bonheur. Nous n'acceptons pas qu'on est tous mortels et nous voulons parfois dépasser Dieu.

ORIGINE: le texte grec apparait dans le livre biblique *Ecclesiastés*. Le terme ματαιότης signifie "vanité", "vacuité", "illusion", "fragilité".

"PANTA REI"

GALEGO: "panta rei".

SIGNIFICADO ACTUAL: todo flúe.

ORIXE: a expresión grega πάντα ῥεῖ débemoslla a Heráclito, filósofo grego coñecido como o Escuro. Con ela quería expresar que todo evoluciona, que nada permanece, que non poderíamos bañarnos dúas veces no mesmo río porque xa non sería o mesmo río. Con estas ideas opoñíase a outro filósofo, Parménides, que defendía todo o contrario, que todo permanecía inmutable.

ENGLISH WORD: "panta rei".

CURRENT MEANING: everything flows.

ORIGIN: we owe the Greek expression πάντα ῥεῖ to Heraclitus, Greek philosopher known as the Dark. With this expression he wanted to say that everything evolves, that nothing remains, we could not bathe twice in the same river because it would no longer be the same river. With these ideas were opposed to another philosopher, Parmenides, who argued the opposite, that everything remained unchanging.



Escultura en Málaga que simboliza o Panta rei. Blanca Muñoz, 2008.

FRANÇAIS: “panta rei”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: tout s’écoule.

ORIGINE: on doit l’expression grecque πάντα ῥεῖ à Héraclite, philosophe grec connu comme l’Obscur. Il voulait exprimer que tout évolue, rien ne reste tel, on ne pourra jamais se baigner deux fois dans le même fleuve, parce que ça serait pas le même fleuve. Avec ces idées là il s’opposait à autre philosophe, Parménide, qui défendait le contraire, que tout reste immuable.

“MEDEN AGAN”

GALEGO: “meden agan”.

SIGNIFICADO ACTUAL: hai que ter moderación na vida. Os excesos non son bos.

ORIXE: expresión grega formado polo indefinido neutro μηδέν “nada” e o adverbio ἄγαν “demasiado, moito”. A deusa Némesis era venerada por gregos e romanos como a garante da xusta medida e se alguén ousaba sobrepasar a medida e amosar a ὕβρις “ira”, “cólera”, eran vítimas do seu enfado e morrían fulminados. Equivale á expresión latina *ne quid nimis*.

ENGLISH WORD: “meden agan”.

CURRENT MEANING: we must be moderate in life, excesses are not good.

ORIGIN: Greek expression formed by the neutral indefinite μηδέν "nothing" and the adverb ἄγαν "too much, much". The goddess Nemesis was worshipped by the Greeks and Romans as the guarantor of the right measure and if someone dared to exceed the measure and display the ὕβρις "anger", "fury", they were the victims of their anger and died struck. It's equivalent to Latin expression *ne quid nimis*.



Figura en mármore de Némesis. Museo do Louvre.

FRANÇAIS: "meden agan".

SIGNIFICATION ACTUELLE: incite les hommes à garder la juste mesure en toute chose. Rien de trop.

ORIGINE: expression grecque formée par l'indéfini neutre μηδέν "rien" et l'adverbe ἄγαν "trop, beaucoup". La déesse Némésis était vénérée par grecs et romains comme garante de la juste mesure, et si quelqu'un osait surpasser la mesure et montrer la ὕβρις, il était victime de sa colère et mourait foudroyé. L'expression latine équivalente est *ne quid nimis*.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. Contesta as seguintes preguntas:

- a) De que palabra latina deriva o noso signo de interrogación?
- b) Que teñen en común as amígdalas e as améndoas?
- c) Que significado orixinal tiña a palabra *rival*?
- d) Que significa o acrónimo *RIP*?
- e) Coñeces algún termo informático que teña orixe latino?
- f) Cal era a diferenza entre o pergamiño e o papiro?
- g) Que ten que ver un paxaro cunha estilográfica?

2. Completa as frases cun latinismo:

Rara avis; SPA; intelligentibus pauca; tabula rasa; ad kalendas graecas; horror vacui.

- a) Non sei se Lois che entregará o traballo a tempo, a min díxome que mo entregaba
- b) Este fin de curso os alumnos de cuarto van ir de excursión a un..... con piscinas, circuitos termais etc, van vir do máis relaxados.
- c) O outro día visitei a casa da miña veciña, tiña toda a casa chea de cousas e o salón abarrotado. De seguro que ten
- d) Mirade, eu non vou dicirvos máis, creo que xa está todo claro,
- e) Marina e Pepe acaban de pasar unha crise no seu matrimonio. Ela púxolle os cornos, pero Pepe dixo que era mellor facer..... e seguir adiante.
- f) A Mateo non lle gusta o fútbol, non lle van os doces, tampouco sube ás atraccións nas feiras, é un pouco.....

3. Explique ce que ces photos te suggèrent.



4. Dans la photographie que tu vois ensuite il y a un philosophe très important. Trouve le et raconte moi pourquoi nous le connaissons et quelle histoire on nous raconte de lui.



5. Complète avec V (vrai) ou F (faux):

- a) On a commencé à utiliser l'expression *SPQR* dans la monarchie romaine pour symboliser le pouvoir absolu du roi
- b) Avec l'expression l'alpha et l'oméga on se réfère au caractère éternel de Dieu, qui est le début et la fin, au premier et au dernier.....
- c) Le parchemin était un ancien support d'écriture que les Egyptiens utilisaient et que procédait de plantes qui croissaient à côté du Nil.....
- d) L'acronyme latin *STTL* qu'on inscrivait dans les pierres tombales voulait dire *Sit Tito Terra Levis*.....

- e) Le nom *alphabet* se forme à partir des deux premières lettres de l'alphabet grec.....
- f) Pierre la Ramée a été connu pour systématiser l'usage des lettres *U* et *V* dans les textes latins, ce qui favorisait la lecture aux étudiants.....

6. Relie chaque photographie avec un mot et explique son étymologie.



7. Completa as seguintes frases con palabras e expresións aprendidas nesta unidade.

- a) O filósofo grego Heráclito consideraba que non podíamos bañarnos dúas veces no mesmo río porque para el
- b) Un matemático grego chamado descubriu que enganaran ao tirano de Siracusa e, cheo de ledicia, saíu á rúa espido exclamando
- c) Coas palabras latinas *Caro data vermibus* formamos o termo galego
- d) No ordenador que tes na casa hai cando menos unha tecla cuxo nome remítenos ao latín. Trátase da tecla
- e) Os gregos chamaban ás follas de papiro que aínda non foran escritas.
- f) Os soldados romanos ás veces cobraban o seu soldo en sal, xa que esta era moi apreciada daquela, de aí vén a nosa palabra
- g) Antigamente os romanos pelexaban sen cesar e moitas veces os seus adversarios eran os que estaban á outra beira do río xa que querían facerse co seu curso. Esta é a explicación etimolóxica da palabra galega
- h) Os muros do campo de fútbol están por completo pintados con moi xeitosos. O malo é que ao alcalde non lle fan moita graza e os quere borrar.

8. Fais une phrase avec chacun de ces latinismes et hellénismes:

- a) *Intelligentibus pauca*:
- b) *Verbi gratia*:
- c) *RIP*:
- d) *Mataiotes*:
- e) *Meden agan*:

BIBLIOGRAFÍA

Fernando Lillo Redonet, *El latín y el griego de tu vida*. Áurea Clásicos, 2004.

Yolanda Espinosa y M^ª del Remedio Muñoz, *Cultura Clásica*. Ediciones Akal, 2002.

A. Ayuso Calvillo- E. Montero Cartelle, *Latín*. Ed. Akal, 2008.

Salvador Muñoz Molina. IES Francesc Ferrer i Guardiola. *Incipit Titivillus. Taller de Escritura Antiga*.

Direccions web:

<http://www.lexilogos.com/>

www.wordreference.com